

**AGRUPAMENTO TERRITORIAL DE COOPERAÇÃO TERRITORIAL  
DO RIO MINHO – AECT RIO MINHO**

**ACTA Nº 03/2018 DA XUNTANZA DA ASAMBLEA XERAL DO AGRUPAMENTO  
EUROPEO DE COOPERACIÓN TERRITORIAL DO RIO MIÑO-AECT RIO MINHO,  
REALIZADA NO DIA 29 DE NOVEMBRO DE 2018**

--- A vinte nove de novembro de dous mil dezoito, ás 16 horas locais, no auditorio de Goián-Tomiño, reúñese a Asemblea Xeral do Agrupamento Europeo do Rio Minho-AECT Rio Minho. -----

--- A xuntanza é dirixida polo Presidente da Mesa, José María Cunha Costa, Presidente da CIM Alto Minho e polo Secretario da Mesa da Asemblea Xeral; Marcos David Besada Pérez, alcalde do concello de Salceda de Caselas. -----

--- Nesta xuntanza foron tratados os seguintes asuntos: -----

**Asunto nº1.- Exame/aprobación da acta da xuntanza anterior;**

--- Unha vez aberta a sesión polo Presidente da Mesa, foi presentada a acta da xuntanza realizada no dia 06 de Xuño de 2018 a cal, despois de lida mereceu a aprobación unánime da Asemblea, sendo asinada polos membros da mesa. -----

**Asunto nº2.- Exame/aprobación do Plan de actividades e Orzamento para o 2019;**

--- O director da AECT Rio Minho presenta un resumo da proposta de Plan de Actividades e Orzamentos para 2019, informando que o AECT Río Minho continuará as actividades iniciadas en 2018 para a consolidación institucional da AECT Río Minho e o desenvolvimento territorial do Río Miño Transfronteirizo, ben desde o punto de vista interno, a través da sedimentación de redes con dinâmicas locais de cooperación transfronteriza (Garda-Caminha-O Rosal, Cerveira-Tomiño, Valenca-Tui, Monção-Salvaterra-As Neves, Melgaço-Arbo-Crecente) e da aplicación do proxecto Smart\_Miño, cofinanciado por Interreg VA ((tras a entrada da AECT A Río Minho como novo beneficiario deste proxecto); e desde o punto de vista externo, a través da presentación da AECT de Rio Minho a autoridades rexionais e nacionais e europeas. -----

--- A continuación de proxectos levados a cabo por Uniminho cujas responsabilidades legais non pertencen á administración local (enfocados en compartir os servizos de saúde e servizos de transporte), así como a continuidade do apoio regular, que ao abeiro do protocolo con Vilanova de Cerveira dáse ao proxecto Amizade Cerveira-Tomiño, son tamén accións que cobrarán relevancia no exercicio de 2019. ---

**AGRUPAMENTO TERRITORIAL DE COOPERAÇÃO TERRITORIAL  
DO RIO MINHO – AECT RIO MINHO**

[Handwritten signature]

---- Tamén na continuación da reformulación do proxecto Visit\_Río\_Miño, aprobado polo Programa Interreg V A, que irá integrar o AECT Río Miño como novo Beneficiario, haberá un esforzo moi significativo, especialmente en canto ao apoio á CIM Alto Miño e á Deputación de Pontevedra nas actividades de coordinación xeral e na posta en marcha de accións relacionadas coa estruturación da Marca *Río Miño*. -----

---- En termos de orzamento, este ascende ao valor global de 212.770 Euros, correspondendo na case totalidade a gastos correntes, e sendo que para o ano 2019 está prevista unha coparticipación financeira de 70.610 euros, de acordo co Artigo 7º dos Estatutos, por parte de cada unha das entidades asociadas, Comunidade Intermunicipal do Alto Miño e Deputación de Pontevedra. -----

---- Tras esta presentación procedeuse á discusión e votación deste punto da orde do dia, sendo que, nun universo de dous votos correspondentes a cada delegación representativa dos membros do AECT Río Miño, a Asemblea Xeral, resolveu por unanimidade, aprobar o Plano de Actividades e Orzamento para 2019. -----

**Este acordo foi aprobado, por unanimidade, en minuta.**

[Handwritten signature]

**Asunto nº3.- Outros asuntos de interese para a atividade do AECT Rio Miño;**

---- Neste punto da orde do dia, o vocal do Consello Coordinador do AECT, Alcalde dos Arcos de Valdevez, João Manuel do Amaral Esteves, solicitou o apoio do AECT Río Miño para intensificar as relacións institucionais coa fronteira de Ourense, especialmente co obxectivo de potenciar o proxecto da Reserva Mundial da Biosfera Gerês- Xurés, téndose prestado, o Director do AECT Río Miño e Deputado Provincial de Pontevedra, Uxío Benítez, para promover o mais axiña posible unha reunión coa Deputación de Ourense. -----

---- Non habendo máis nada que tratar, péchase a presente reunión, cando son as dezaseis horas e trinta minutos. -----

---- E, para facelo constar, se redacta a presente Acta que fica asinada polos membros presentes da Mesa da Asemblea Xeral. -----


-----CONFORME-----

AECT Río Miño, en Tomiño, a 29 de Novembro de 2018

**AGRUPAMENTO TERRITORIAL DE COOPERAÇÃO TERRITORIAL  
DO RIO MINHO – AECT RIO MINHO**


A MESA DA ASEMBLEA XERAL

Presidente da Mesa da AX



(José Maria Cunha Costa)

Secretario da Mesa da AX



(Marcos David Besada Pérez)